

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE XUÑO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2448/04.- Zielsa, S.A.- Edificación destinada a vivenda e oficinas do consulado de Cuba e apertura (Lap/159/05) de oficinas na R/ Casas Novas, núm. 19.-

1897/03.- Promociones J. Asorey Carril, S.L.- Edificio (30 apartamentos) no núcleo de Cotaredo, Rúa Lisboa.-

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

543/06.- Construcciones Aldemunde, S.L.- Legaliz. de modificacións de distribución na rehabilitación da edificación situada na R/ Cosa Vella núm.17 (+).

PRÓRROGAS.-

770/06.- Manuel Sueiro Ramos.- Viv. unif. na Toxeira de San Lourenzo núm.23.- (D).-

APERTURAS.-

Lap/95/06.- Urban Mahía, repr por Pilar Encarnación Branco Illodo.- Funcionamento de garaxe comunitario no quintero 9, parcela 4, Polígono 2 do SUP-5.-

Lap/125/06.- Construcciones Ruafer, S.A.- Funcionamento de garaxe en Avda. de Barcelona núm. 23 e Avda. de Bilbao núm.10.-

Lap/39/06.- Carlos Manuel Suárez Mirás.- Café-bar en R/ San Lázaro núm.96.-

Lap/89/06.- Benito Rodríguez Couto.- Café-bar (cervecería) en Avda Mestra Victoria Míguez núm.43, baixo.-

Lap/369/05.- Francisco Javier Rúa Pérez.- Restaurante de dous garfos na Rúa de San Pedro núm.24.-

OCiHR

LICENZAS.-

Favorables.-

LIC/ 2345.- PUNTO ROMA S.L.- Modificación do proxecto básico e de Execución para reestruturación de edificio na Rúa Senra nº 23.-

LIC/ 238/2006.- JOSÉ POSE CORRAL.- Rehabilitación de Edificio na Rúa Travesa nº 3.-

LIC/ 2615/2005.- JORGE JAVIER CHOREN NOYA .- Rehabilitación de Edificio na Rúa da Oliveira nº 2.-

Denegadas.-

LIC/ 731/2006.- MANUEL LATA MONTOIRO.- Parcelación das fincas sitas na Costa Vedor nº 1,3 e 5.-

OUTROS.-

LIC/ 2212/2005.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Obras de reurbanización da Alameda.-

6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude ao Consorcio da Cidade da aprobación de diversas subvencións en concepto de rehabilitación de vivendas.

Apróbase as devanditas subvencións por importe de 33.163 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Circulación relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de mantemento, conservación e reparación do sistema de control de acceso restrinxido ao casco histórico.

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación máximo de 827,98 euros/ano e un prazo de execución de dous anos.

8.- Proposta da concelleira delegada de Sanidade relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a dirección, coordinación e asistencia veterinaria do Refuxio municipal de animais de Bando-Zarramacedo (do 1 de xullo ao 1 de outubro de 2006).

Adxudícase a asistencia técnica á Paloma Aguirre Colmenar, por un importe de 7.964 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de 60 pistolas, fundas, cargadores e cartuchos para a Policía Local.

Apróbase o prego e iníciase o expediente, cun tipo de licitación de 41.000 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do Subministro de 3 estacións de traballo para o CPD do Concello.

Adxudícase o subministro á empresa DELL COMPUTER, S.A, por un importe de 10.788 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa, prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Desenvolvemento das actividades do Programa FERRADURA ABERTA 2006.

Apróbase o programa e o prego, e iníciase o expediente de contratación, cun orzamento de 66.000 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Alumeado relativa á adxudicación das Obras de iluminación no vial de acceso á parroquia de FIGUEIRAS.

Apróbase o presuposto para as mesmas por un importe de 20.489 euros.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das Obras de Alumeado Público POLIGONO DO TAMBRE-XESTEIRA, incluídas no POS 2006 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Adxudícanse as obras á empresa DAVIÑA S.L., por un importe de 59.512 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Réxime interior relativa á prórroga do contrato de Asistencia Técnica para a Vixilancia médica periódica da Saúde dos traballadores municipais do Concello de Santiago.

Acórdase a prórroga por un ano do devandito contrato, suscrito con GEROSALUD, S.L.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Parques e Xardíns relativa á prórroga do contrato de Prestación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de Brandía.

Acórdase a prórroga por un ano máis do devandito contrato, suscrito con ASPAS EMPREGO S.L.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais para o 2006.

Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións, que contan cunha dotación de 28.900 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Circulación relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a cesión en propiedade de vehículos para misións de protección civil.

Acórdase solicitar a devandita subvención.

18.- Informe de Intervención relativo ao aboamento de xuros en concepto da expropiación da área de servizo de Meixonfrío e adopción do acordo que proceda.

Dáse conta do devandito informe de intervención.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación do proxecto de habilitación de crédito para pago de xuros das expropiacións do Monte do Gozo.

Acórdase tramitar un expediente de habilitación de crédito por un importe de 551.000 euros.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á xeración de crédito e anulación da imputación dos gastos a unha partida orzamentaria.

Acórdase a xeración dun crédito por un importe de 15.544 euros e anúlase a imputación a unha partida orzamentaria.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de diversas exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédese a exención solicitada á empresa Leroy Merlin S.A.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. (TXX 89/2006).

Concédense as exencións solicitadas.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso gratuíto de instalacións deportivas, dunha sala de prensa e de colocación de publicidade, por mor do torneo internacional de fútbol "COMPOSTELA FUTBOL CUP".

Autorízase o uso solicitado.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4) do Camiño Francés.

Apróbase inicialmente o proxecto, segundo o proxecto presentado por NASOZENA S.L. o 26 de decembro de 2005.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo para dar conta da presentación do documento refundido do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 32 (SUNP-32) de Monte Medorra-Bando.

Dáse conta da presentación do devandito documento.

29.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela, o Consorcio da Cidade e a USC.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio para unha actuación no Castelo da Rocha por importe de 100.000 euros.

30.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación "SÍNDROME DE DOWN DE COMPOSTELA".

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

31.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.